



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE LALÍN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E FORMATIVAS PARA PERSOAS MAIORES ENCADRADAS NO PROGRAMA DE DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO 2023

Vigo, na data da última sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra, José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, designado na sesión do Pleno da Corporación do 15 de xuño de 2019 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,





EXPOÑEN

- I** Que en data 23 de abril de 2018 asinouse polos tres reitores das Universidades galegas un acordo para constituír a Rede Galega de Programas Universitarios para Maiores (REGAPUM) co fin de afrontar desde o eido universitario os retos que, o envellecemento da poboación do noso país, teñen formulado e acadar obxectivos comúns na aprendizaxe ao longo da vida. O Proxecto Democratización do Coñecemento, encadrado dentro da REGAPUM, oriéntase ao desenvolvemento de actividades formativas e de extensión cultural destinadas ás persoas de máis de 50 anos que por diferentes motivos, entre outros os xeográficos e económicos, non poden asistir aos Programas Universitarios para Maiores nas sedes oficiais das tres universidades.
- II** Que o Programa de Democratización do Coñecemento ten catro obxectivos fundamentais:
- a Concienciar, ensinar e aprender da presenza da ciencia no día a día das nosas vidas para revalorizar e profundar no valor do noso patrimonio.
 - b Recoñecer o valor das disciplinas artísticas nas nosas emocións e vivencias.
 - c Adaptar e coñecer as competencias socio-sanitarias dos principios de envellecemento activo.
 - d Acadar unha mellora da calidade de vida, do benestar e da participación a través do exercicio intelectual que require este tipo de formación.
- III** A lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario inclúe a formación permanente ou ao longo de toda a vida como dimensión esencial da función docente da Universidade. Indícase nela que as universidades viñeron sendo esencialmente espazos de formación para os mozos e que se debe agora ir máis aló, reforzando a capacidade de servizo ao conxunto da sociedade para lograr unha Universidade para todas as idades. A tal fin, as universidades velarán por manter e reforzar a dimensión cultural de todas as súas actividades, impulsando, así mesmo, a súa apertura, transmisión e difusión á contorna social





cunha perspectiva intercultural, de formación ao longo da vida e de democratización do coñecemento.

IV Que a Universidade de Vigo ten previsto firmar un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, de Coruña y de Vigo para a subvención das actividades desenvolvidas no marco do Programa de Democratización do Coñecemento no ano 2023.

V O marco competencial municipal, fundaméntase no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que tras e entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, queda redactado como segue:

“1.- O municipio, para a xestións dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en este artigo.

2.- O municipio exercerá en todo caso competencias propias no termos da lexislación do Estado e das Comunidades, nas seguintes materias:

e) avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social....”

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais

Á súa vez o artigo 27 da LRBRL, segundo a redacción dada pola citada Lei, establece a posibilidade de que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, poidan delegar entre outras a seguinte competencia: *“c) Prestación de servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención de violencia contra a muller.”*

A Disposición Adicional Cuarta da Lei 5/2014, do 24 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de





decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece que *“as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013 continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela”*.

- VI** Que a Universidade de Vigo e o Concello de Lalín consideran de interese común a cooperación e colaboración para a realización de actividades educativas, culturais e formativas dentro do Programa de Democratización do Coñecemento da Universidade de Vigo (“Mareas de Coñecemento e Experiencia”).

Por isto, acordan subscribir este convenio, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Lalín para o desenvolvemento das actividades culturais e formativas encadradas no Proxecto Mareas de Coñecemento e Experiencia da Universidade de Vigo que se celebren no ano 2023 no Concello de Lalín.

SEGUNDA.- As actividades realizaranse desde o 18 de abril ao 22 de xuño do 2023, sempre e cando contén cunha participación de polo menos 10 persoas e un máximo de 30. Calquera cambio nas datas deberá ser acordado por ambas as dúas partes.

TERCEIRA.- As actividades culturais e formativas previstas son as seguintes:





- Seminario I “**Arte e historia**”
Sesión divulgativa: “Un percorrido patrimonial pola historia do Concello de Lalín”
Sesión práctica: “Visita ao Pazo de Liñares”
- Seminario II “**A Soidade non desexada**”
Sesión divulgativa: “A soidade é sempre mala?”.
Sesión práctica: “Intelixencia emocional ante a soidade”.
- Seminario III “**Saúde e benestar**”
Sesión divulgativa: “Importancia da alimentación para a saúde. Beneficios de consumo de alimentos locais sostibles saudables e de tempada”.
Sesión práctica: “Gastronomía, aptitude culinaria e propiedades nutricionais dos produtos agro-alimentarios da capital do Deza”.
- Seminario III “**Tecnoloxía uso de ferramentas no telefono móbil**”
Sesión teórico-práctica 1: “O teléfono móbil. Configuración básica. WhatsApp e Videochamadas. Lecturas código QR. Aplicacións de banca electrónica e pago”
Sesión teórico-práctica 2: “Outras aplicacións. Calendarios de vacinación e medicacións, Petición de citas médicas, Localización de persoas, etc.”
- Seminario IV “**Como entender os impostos**”
Sesión teórico-práctica 1 Importancia de coñecer as cuestións básicas que rodean a fiscalidade, entre outras, tratamento das herdanzas, plans e fondos de pensións, imposto de bens inmoables, plusvalía municipal, etc.
Sesión teórico-práctica 2: Exemplos prácticos de todas estas cuestións, con casos de aplicación directa aos elementos sinalados para conseguir unha correcta planificación fiscal.

De non poderse levar a cabo algunha das actividades anteriores, acordaranse por ambas as partes outra actividade substitutiva semellante.





CUARTA.- Será responsabilidade da Universidade de Vigo:

- a Selección do profesorado que levará a cabo as actividades culturais ou formativas.
- b Pago dos/as docentes.
- c Xestión do programa (planificación, organización e diplomas de asistencia).
- d Coordinación do Persoal docente e Investigador da Universidade de Vigo.
- e Entrega da documentación para os/as participantes.
- f Xestión do Autobús para o traslado cando as sesións prácticas así o requiran.
- g Seguro do profesorado que imparte docencia nos seminarios.

Os custos asociados aos compromisos anteriores faranse con cargo á aplicación orzamentaria 2023 00FP 121DSEN 22699 na que está previsto crédito suficiente para o seu desenvolvemento, de acordo con a retención de crédito número 2023014466 que se xunta a este convenio como Anexo II.

QUINTA.- Será responsabilidade do Concello:

- a Divulgación e publicidade xeral, para facer chegar aos veciños e ás veciñas a información do Programa.
- b Xestión da matrícula, elaborando unha lista de asistentes, con nomes, apelidos, móbil e DNI.
- c Reserva dos espazos axeitados nas datas previstas.
- d Xestión para dispor de Aula con ordenador, acceso a internet e un proxector para as presentacións, ou outro tipo de aula se así fose necesario pola tipoloxía da formación.
- e Seguro para os/as asistentes aos seminarios.

SEXTA.- NATUREZA.





Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que a Universidade de Vigo obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

SÉTIMA.- As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resultes aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPD. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así





como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPDP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e finalizará o 31 de decembro do 2023.

NOVENA.- Son causas de resolución:

- 1 O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- 2 O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- 3 O acordo unánime dos asinantes.
- 4 O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- 5 Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 6 Por calquera das causas contempladas na normativa da universidade sobre o contido do convenio.
- 7 Por calquera outra causa distinta establecida na normativa en vigor.





DÉCIMA. - No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación. As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que, de ser o caso, se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordaron.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas por este convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

DÉCIMO SEGUNDA.- As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

As partes poderán acordar a creación dunha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do presente convenio, formada por representantes de cada unha das entidades asinantes. Dita Comisión terá competencia, no seu caso, aos efectos de interpretación e control de execución do mesmo.

A Comisión Mixta manterá una comunicación constante durante a planificación das actividades e tamén durante o desenvolvemento das mesmas. Planificaranse reunións para resolver as incidencias que poidan xurdir en calquera momento ou acordar algunha modificación na programación das actividades.

Elaborarase un informe de seguimento das actividades realizadas e analizarase o resultado do impacto das actividades en todos os grupos de interese.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse





motivadamente, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula anterior. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos.

As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambas partes comparecentes no lugar e data da súa sinatura dixital.

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

POLO CONCELLO DE LALIN

O Reitor

O Alcalde

Manuel Joaquín Reigosa Roger

José Crespo Iglesias

